

SE NON EXISTISE TERIAMOS QUE INVENTALA



Non imaxinades o grande que pode chegar a ser o mundo da música, ou, polo menos, iso é o que imaxino e penso eu.

Os chineses xa a utilizaban para curar, os gregos elaboraron sete escalas musicais ás que atribuían unha gran influencia sobre determinados estados de ánimo, e agora disque a ciencia moderna está empezando a adentrarse no centro onde reside o enigma.

As imaxes da actividade cerebral obtidas mediante escaners revelan que cando escoitamos unha canción non só se activa unha zona da cabeza, senón que rexións

moi afastadas entre si, emiten destelos de color que delatan que se puxeron en funcionamento. Esta multirreacción revela ben ás claras que a música é moito máis que un son, como todos ben sabedes. Demostra que é un factor que esperta os sentimentos; fainos felices ou incítanos a chorar. Non hai dúbida, xa que ela afecta o sistema límbico, lugar onde residen os nosos sentimentos.

¡Pero agora os científicos descubriron que “a música fainos máis listos e mellores”!

A bondade de estar en contacto coa música, nótase sobre todo en aspectos como a intelixencia, a capacidade de asimilación, a sensibilidade ou as relacións humanas. E debo dicir que é unha gran verdade, xa que ata os científicos comparan este “descubrimento” como algo parecido ó descubrimento de América ou ó da penicilina.

Segundo especialistas, cando cantamos ou facemos música en grupo redúcese a hormona responsable do estrés e aumenta a da oxitocina, que fortalece as relacións sociais. A

musicalidade da fala é a base sobre a que os nenos aprenden a dicir as súas primeiras palabras. A miúdo fálase aos nenos pequenos como cantando e a maioría de nós facémolo sen darnos conta, con melodías improvisadas. Así, os nenos imitan o ritmo e a entoación da súa lingua materna antes de pronunciar a súa primeira palabra.

Calquera tipo de música, dende Bach ata os Rolling Stones (por poñer un exemplo) teñen tanto efectos curativos como sentimentais, dependendo da persoa.



Penso que é difícil imaxinar un mundo sen música, ou polo menos a min resúltame complicado, pero para un 1% da poboación, as cancións son algo totalmente alleo a eles. E non porque o seu sistema auditivo funcione mal, senón porque son os afectados por un fallo cerebral coñecido como amusia, é dicir, a ausencia total de oído musical. Estas persoas son incapaces de recoñecer unha melodía ou de distinguir unha canción de outra, aínda que se trate do Cumpleaños feliz. Iso si, se lles poñen





SE NON EXISTISE TERIAMOS QUE INVENTALA



Tony DeBlois



Vissarion Shebalin

diante a letra desa mesma melodía, recoñécena ao instante. Pero se se lles pide que repitan retrouso dun tema que acaban de escoitar, cantarán algo irrecoñecible pese a que eles estean convencidos de que están a facelo ben.

A música é un fenómeno cheo de sorpresas que afectan incluso a algúns compositores famosos. O caso máis coñecido é o de Beethoven, sen dúbida ningunha, que viviu a maior

parte da súa vida cunha xordeira parcial e que compuxo sinfonías cando xa estaba completamente xordo. Parece que as notas seguían soando na súa cabeza.

Outro caso chamativo é o de Tony DeBlois, un músico de jazz, que dominaba oito mil pezas musicais a pesares de que era cego e autista. Ou o ruso Vissarion Shebalin que perdeu, por un infarto cerebral, a capacidade de construír frases e ordenar palabras, pero que foi capaz de compoñer sinfonías sen ningún tipo de problema.

A música clásica é quizá a máis agradable de todas as artes, pero escoitar música, sexa do tipo que sexa, ten, máis que calquera experiencia humana (á parte, a de estar namorado) a forza de espertar profundas emocións.

Non existen sentimentos nin emocións novas, pero si menos ou máis comúns e cada un sente á súa maneira. E un deses sentimentos é o espertado pola música. A voz desta é a mesma voz da alma humana, é o maior acercamento do home á perfección e un afastamento do mundo e de toda a realidade. Con ela pódese expresar todo o que un desexe, por iso non é doado de entender nin de explicar pero séntese. Canto máis se entende e máis se escoita, máis se quere.

É unha linguaxe universal, ou non? Aínda que cada un a fale ou entenda dun modo especial ou diferente é a mesma para todos e cada un de nós.

A música é a nosa fiel amiga, coa que nos podemos

refuxiar sempre e que nunca nos decepciona por ser nós, que nos enche de cousas maravillosas, que nos fai incluso esquecer dos problemas e nos incita a adentrarnos nela.

Por iso hai que escoitala e disfrutala; sentila e vivila....

O que está bastante claro é que a música está presente en tódalas culturas do mundo e dende o tempo máis remoto, practicamente dende que o primeiro home apareceu na Terra, pero vistos os brutais acontecementos dos atentados ou guerras, hai persoas (por chamarlles dalgún xeito) que ou ben nunca escoitaron unha soa nota musical ou ben son a excepción da sociedade.

Custa traballo entender que alguén que teña un mínimo de sensibilidade, intelixencia e respecto polos demais poida facer tal cousa, pero desgraciadamente é así.

Lamentablemente nós non podemos facer máis que sumarnos ás moitas voces que desprezan este tipo de actos, solidarizarnos coas familias e amigos de tódalas vítimas (que son unha infinidade) e seguir loitando coas mellores armas que existen para evitar que isto se volva repetir: a voz, a música e a cultura.

Para rematar, como conclusión e a título persoal farei unha afirmación que me parece máis que lóxica:

Os planificadores e executores de todos os atentados, non eran músicos.

Lorena Varela 1º bac